



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión DE ORGANIZACIÓN celebrada pola Excma.
CORPORACIÓN PROVINCIAL o 27 de xullo de 2023



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO DE ORGANIZACIÓN CELEBRADO O 27 DE XULLO DE 2023

ASUNTOS

1. Ratificación da urxencia.

Asuntos para coñecemento do Pleno:

2. Dación de conta da constitución dos grupos políticos e da designación dos seus integrantes e portavoces.

3. Dación de conta da resolución da Presidencia sobre o nomeamento de membros da Xunta de Goberno.

4. Dación de conta da resolución da Presidencia sobre o nomeamento de vicepresidente.

5. Dación de conta da resolución da Presidencia sobre a delegación de atribucións do presidente na Xunta de Goberno.

6. Dación de conta da resolución da Presidencia sobre a delegación de atribucións do presidente en membros da Xunta de Goberno.

Asuntos para acordo do Pleno:

7. Proposta sobre o réxime de sesións do Pleno e da Xunta de Goberno

8. Proposta sobre a creación, composición e réxime de sesións das Comisións Informativas Permanentes

9. Proposta sobre as delegacións de competencias do Pleno na Xunta de Goberno.

10. Proposta sobre o nomeamento de representantes da Deputación en organismos varios.

11. Proposta sobre o réxime de retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación provincial

12. Proposta sobre a determinación do número, características e retribucións do persoal eventual.

13. Proposta de asignación aos grupos políticos provinciais.





Acta da sesión de organización celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 27 de xullo de 2023.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 27 de xullo de 2023, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión de organización.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado De La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María Del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad De Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María Del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Avia Veira González	BNG

Excusados/as:

Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:07 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



1.- Ratificación da urxencia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Por unanimidade, ratifícase a urxencia.

2.- Dación de conta da constitución dos grupos políticos e da designación dos seus integrantes e portavoces.

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Visto que o artigo 23 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 25 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), dispón que "da constitución dos grupos políticos e das persoas que os integren e portavoces, a Presidencia dará conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar tras cumprirse o prazo" legalmente establecido.

Cumpridos os requisitos establecidos no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e no artigo 23 RODC, concordante co artigo 24 ROF, normas aplicables á constitución dos grupos políticos provinciais,

DOU CONTA AO PLENO

de que quedan constituídos os grupos políticos cos/coas integrantes e portavoces que a seguir se sinalan:

"Grupo Popular", integrado polos/as catorce deputados/as elixidos/as polo Partido Popular de Galicia

Portavoz: Evaristo Ben Otero.

Portavoces suplentes: Susana María Sanjurjo Fraga e José Ramón Amado de la Fuente.

"Grupo Socialista", integrado polos/as dez deputados/as elixidos/as polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE

Portavoz: Bernardo Fernández Piñeiro

Portavoces suplentes: Cristina Capelán Cancelo, Rosa Ana García López, María del Mar García Vidal, José Manuel Lage Tuñas, Antonio Leira Piñeiro, Eudoxia María Neira Fernández, José Ramón Rioboo Castro e Mónica Rodríguez Ordóñez, indistintamente.

"Grupo Bloque Nacionalista Galego", integrado polos/as seis deputados/as elixidos/as polo Bloque Nacionalista Galego.

Portavoz: Avia Veira González



Portavoces suplentes: Xosé Regueira Varela, Cristina García Rey, Soledad Agra Tuñas, Natividad de Jesús González Rodríguez e Xosé Penas Corral.

"Grupo Alternativa dos Veciños", integrado polo deputado elixido pola Alternativa dos Veciños

Portavoz: Ángel García Seoane.

3.- Dación de conta da resolución da Presidencia sobre o nomeamento de membros da Xunta de Goberno.

Dáse conta da Resolución da Presidencia número 29234, do 24.07.2023, que literalmente di:

"DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Visto que o artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) determina que a Xunta de Goberno se integra polo Presidente e un número de deputados non superior ao tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno. Esta mesma previsión atópase no número 4 do artigo 104 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGa) e nos números 1 e 2 do artigo 49 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 72 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).

Engade o número 4 do artigo 49 RODC que os nomeamentos e cesamentos serán adoptados coas formalidades prescritas no artigo 43 RODC, é dicir, mediante resolución da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que celebre e que será notificada persoalmente aos designados e publicada no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da sinatura da resolución polo Presidente, se na mesma non se dispón outra cousa.

En consecuencia,

RESOLVO:

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial da Coruña comporase do Presidente da Deputación e dos/das dez deputados/as seguintes:

Don Xosé Regueira Varela
Don Bernardo Fernández Piñeiro
Don José Ramón Rioboo Castro
Don Antonio Leira Piñeiro
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez
Dona Rosa Ana García López
Dona María del Mar García Vidal
Dona Cristina García Rey
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez
Don Xosé Penas Corral

A presente resolución será notificada de inmediato aos/ás designados/as e publicada no Boletín Oficial da Provincia. Dela darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre."



4.- Dación de conta da resolución da Presidencia sobre o nomeamento de vicepresidente.

Dáse conta da Resolución da Presidencia número 28353, do 18.07.2023, que literalmente di:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vistos os artigos 34, número 3, e 35, número 4, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), así como o artigo 104, número 2, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGa) e os artigos 43, 44 e 45 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 66, 67 e 68 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).

Tendo en conta a urxente necesidade de prever canto antes a substitución do Presidente da Deputación nos casos legalmente determinados, mesmo antes de dispor definitivamente sobre a organización da Deputación e sinaladamente sobre a composición da Xunta de Goberno,

En consecuencia,

RESOLVO:

Nomear membro da Xunta de Goberno e Vicepresidente Primeiro e único da Deputación Provincial da Coruña ao deputado don Xosé Regueira Varela.

En ulterior Resolución determinarase a composición definitiva da Xunta de Goberno aos efectos do previsto no número 1 do artigo 35 LBLR sobre a constitución dese órgano.

Esta Resolución será efectiva desde o día 18 de xullo de 2023.

A presente resolución será notificada de inmediato ao designado e publicada no Boletín Oficial da Provincia. Da mesma darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre."

5.- Dación de conta da resolución da Presidencia sobre a delegación de atribucións do presidente na Xunta de Goberno.

Dáse conta da Resolución da Presidencia número 29325, do 24.07.2023, que literalmente di:

"DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que os artigos 34.2 e 35.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), o artigo 105.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGa) e o artigo 40.2 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 63.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), prevén que o Presidente da Deputación poida delegar determinadas atribucións na Xunta de Goberno,



RESOLVO:

Delegar as seguintes atribucións do Presidente na Xunta de Goberno:

- A aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, a aprobación das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e a distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas (LBRL, 34.1.g), excluídas gratificacións e horas extraordinarias.
- A adquisición de bens inmoebles e a de mobles de valor histórico-artístico que se adquiran por esta cualificación.
- A emisión de informes requiridos á Deputación por diversas normas e que non sexan competencia do pleno.
- A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente.
- Informar do proxecto de orzamento antes de remitilo ao pleno para a súa aprobación inicial.

A delegación das atribucións sinaladas inclúe, en cada caso, a facultade de resolver os recursos de reposición que puideran interpoñerse e rexerese especificamente polos artigos 86 a 90 RODC. Surtirá efecto a partir do día da sinatura desta Resolución. Non obstante, os procedementos que estivesen xa iniciados nesa data, inda que pertencen ó ámbito inicial da delegación, serán resoltos en todo caso polo Presidente da Deputación, quen solucionará ademais os conflitos e as dúbidas que da aplicación dos actos delegados poidan xurdir.

Esta resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia e da mesma darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre."

6.- Dación de conta da resolución da Presidencia sobre a delegación de atribucións do presidente en membros da Xunta de Goberno.

Dáse conta da Resolución da Presidencia número 29343, do 24.07.2023, que literalmente di:

"Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que os artigos 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e os artigos 40.3, 41 e 42 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), prevén que o Presidente poida delegar determinadas atribucións nos deputados membros da Xunta de Goberno,

RESOLVO:

Conferir as seguintes delegacións xenéricas a prol dos/das deputados/as e membros da Xunta de Goberno que se indican para a dirección e xestión das áreas de goberno provincial que a seguir se relacionan:

1. Deputado de Facenda, Recursos Humanos e Avance Dixital:
Don José Ramón Rioboo Castro



2. Deputada de Política Social, Educación e Mocidade:

Dona María del Mar García Vidal

Baixo a supervisión da deputada responsable desta área, atribúese delegación especial en materia de Educación e Mocidade

Dona Eudoxia María Neira Fernández.

3. Deputada de Sectores Produtivos: Mar e Medio Rural:

Dona Cristina Capelán Cancelo.

4. Deputada de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios:

Dona Cristina García Rey.

5. Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria:

Don Xosé Regueira Varela.

6. Deputada de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais:

Dona Mónica Rodríguez Ordóñez.

7. Deputada de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís:

Dona Natividad de Jesús González Rodríguez.

Baixo a supervisión da deputada responsable desta área, atribúese delegación especial en materia de Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís a

Dona María Soledad Agra Tuñas.

8. Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamentos:

Don Xosé Penas Corral.

9. Deputada de Industria, Empresa, Medio Ambiente, Emprego e Política Demográfica:

Dona Rosa Ana García López

10. Deputado de Deporte:

Don Antonio Leira Piñeiro.

As delegacións xenéricas que se outorgan comprenden, no ámbito das áreas asignadas, a dirección, inspección e impulso de obras e servizos, así como a execución das disposicións de carácter xeral e dos actos e acordos dos órganos de goberno, coidando da súa publicación e podendo recabar para tales tarefas os asesoramentos técnicos necesarios. Atribúese aos deputados e deputadas con delegacións a facultade de asinar protocolos e convenios relativos ás materias delegadas, así como a de asinar os contratos ate as contías fixadas na Lei de Contratos do sector público para gastos menores.

As delegacións inclúen o recoñecemento aos deputados delegados de amplas facultades de proposta en materias tales como:

- consignación dos créditos necesarios para a súa xestión no proxecto de orzamento provincial ou nas modificacións de crédito cuxa aprobación corresponda ao Pleno ou ao Presidente;
- proxectos de obras e prescricións técnicas dos servizos previstos no orzamento e asignados á súa área; gasto e facturas que deba aprobar o órgano competente, previos os informes preceptivos;



- bases de convocatoria das subvencións previstas no orzamento provincial cuxa xestión lle estea encomendada;
- organización e xestión do persoal adscrito ás áreas asignadas;
- textos de ordenanzas e regulamentos aplicables directamente na súa área.

Os deputados delegados participarán, sempre que sexa posible, nos organismos de coordinación e xestión administrativa, comisións de seguimento ou outros, en canto afecte ás áreas que pola presente resolución se lles asignan.

Estas delegacións surtirán efecto a partir do día da sinatura desta resolución e rexeranse especificamente polos artigos 86 a 90 RODC no que se refire á súa aceptación, revogación, modificación, facultades do órgano delegante, prohibición de subdelegación e prazo, sen prexuízo da aplicación supletoria da normativa xeral sobre réxime local e procedemento administrativo.

O Presidente da Deputación resérvase expresamente a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros e solventará sen máis trámite os conflitos e as dúbidas que da aplicación dos actos delegados poidan xurdir.

Esta resolución será notificada aos deputados delegados para a súa aceptación, será publicada no Boletín Oficial da Provincia e da mesma darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre."

7.- Proposta sobre o réxime de sesións do Pleno e da Xunta de Goberno.

Sométese a votación a proposta do Presidente

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

::

Visto que o artigo 46.2.a da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións do Pleno e da Xunta de Goberno,

O Pleno, por unanimidade, acorda.:

1º. RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO.- As sesións ordinarias do Pleno da Deputación Provincial celebraranse con periodicidade mensual, o último venres de cada mes, ás doce horas. Se o día sinalado fose inhábil, a sesión ordinaria celebrarase o inmediatamente anterior hábil, ás doce horas. Non obstante, a sesión ordinaria



correspondente ao oitavo mes de 2023 celebrarase o día 15 de setembro de 2023 ás doce horas.

2º. RÉXIME DE SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO.- As sesións ordinarias da Xunta de Goberno celebraranse o primeiro e o terceiro venres de cada mes, ás doce horas. Se o día sinalado fose inhábil, a sesión ordinaria celebrarase o inmediatamente anterior hábil, ás doce horas. Non obstante, o presidente, mediante resolución conforme ao disposto no artigo 84.3 RODC concordante co artigo 112.3 ROF, ou a propia Xunta de Goberno, con antelación suficiente, poderán modificar os días e horas de celebración das sesións ordinarias, mantendo a periodicidade quincenal.

8.- Proposta sobre a creación, composición e réxime de sesións das Comisións Informativas Permanentes.

Sométese a votación a proposta do Presidente

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Visto o disposto nos artigos 103.1.b) e 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGa), o primeiro dos cales remite aos artigos 66 a 68 da mesma LALGa e, por outra banda, o previsto nos artigos 94 a 103 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC),

O Pleno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- As Comisións Informativas Permanentes da Deputación Provincial da Coruña serán dez, coa denominación e atribucións que a seguir se sinalan:

1 - Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital.

A súa competencia refírese fundamentalmente ás seguintes materias: orzamento e expedientes de modificación de créditos, contas, ingresos (propios e doutros entes públicos), gastos de competencia do pleno, operacións de crédito, inventarios, balances, ordenanzas fiscais e calquera outro asunto de natureza económico-financeira, así como ao estudo de todos os asuntos relacionados co réxime interior e a función pública, funcionarios, persoal laboral, persoal eventual, relacións sindicais, seguridade e hixiene, protocolo e relacións públicas. Súmase tamén o Consorcio Provincial de Extinción de Incendios e Salvamento.

2 - Comisión de Política Social, Educación e Mocidade.

Estudará as cuestións relacionadas con plans, convenios e actuacións en garantía de prestación de servizos sociais de competencia municipal e de equilibrio intermunicipal, as relacionadas co apoio económico, técnico e xurídico aos concellos para a implantación e funcionamento dos devanditos servizos, a creación e xestión de servizos sociais de



atención especializada supramunicipais ou supracomarcais; financiamento de programas de servizos sociais das entidades de iniciativa social; educación e bolsas de estudos; promoción da solidariedade entre institución e cidadáns e dos mesmos entre si. Súmase, as atribucións de ditame, estudo, informe ou consulta sobre as materias relativas á mocidade e promoción da participación dos mozos na vida política, socioeconómica e cultural.

3 - Comisión de sectores produtivos: Mar e Medio Rural.

As súas atribucións serán as de fomento e promoción de temas relacionados cos distintos sectores produtivos, apoio ao e protección ao sector pesqueiro, acuicultura e cultivos mariños, fomento agropecuario, agricultura, gandería e fomento do asociacionismo. Asemade, asuntos relacionados coa prestación e desenvolvemento de servizos supramunicipais ou comarcais, sinaladamente os Grupos de Emerxencias Supramunicipais e Protección Civil. Así mesmo, todo o relativo as axudas en materia de socorrismo.

4 - Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria.

As súas atribucións serán as de promoción e dinamización turística, promoción de xeodestinos da provincia e turismo de calidade, feiras e eventos de visibilización turística da provincia e posta en valor dos recursos turísticos así como o fomento e a promoción de temas relacionados co apoio ao pequeno comercio, prestación de servizos de proximidade, modernización e instalacións comerciais e similares.

5 - Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios.

Abarca o estudo dos expedientes referidos a plans provinciais xerais, cooperación ás obras e servizos municipais, Súmase, tamén, a asistencia e cooperación técnica, económica e xurídica aos concellos.

6 - Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais.

A súa competencia circunscríbese a asuntos relacionados coas estradas e camiños provinciais, autorizacións, licencias de obras e tódolos proxectos relacionados con eles, ademais dos expedientes de expropiacións forzosas e urbanismo.

7 - Comisión de Cultura, Lingua e Dereitos Cívís.

As súas atribucións serán as de ditame, estudo, informe ou consulta sobre as materias relativas a arquivos, bibliotecas, museos, exposicións e concursos, fomento das artes escénicas e musicais, programas de actividades culturais dirixidos aos concellos ou en colaboración con outras entidades e organismos e as subvencións culturais. Ademais, terá competencias en materia de Políticas de Igualdade e nas políticas e plans de Normalización Lingüística, así como na recuperación da memoria democrática, na protección das liberdades individuais e na defensa dos dereitos que se derivan da dignidade inherente á persoa humana.

8 - Comisión de Deporte.

As súas atribucións serán as de ditame, estudo, informe ou consulta sobre as materias relativas ao deporte, programas de actividades deportivas dirixidas aos concellos ou en colaboración con outras entidades, organismos ou asociacións e subvencións en materia deportiva.



9 - Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos.

A súa competencia refírese ao patrimonio provincial, a promoción do patrimonio histórico-artístico e cultural da provincia e a expedientes de contratación de obras, servizos e subministración, así como todos os proxectos relacionados coas devanditas obras e plans a desenvolver na provincia.

10 - Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente.

As súas competencias referiranse fundamentalmente ás seguintes materias: enerxía, transición ecolóxica, cambio climático e crecemento sostible, mobilidade, reto demográfico, fixación de poboación, desenvolvemento rural, estratexias territoriais, plans e programas de fomento do emprego, emprendemento, proxectos con financiamento europeo, apoio ao tecido empresarial, desenvolvemento cara ao exterior e internacionalización dos sectores produtivos, migración, solidariedade internacional, axudas ao desenvolvemento e ODS, planificación estratéxica, etc. Ademais, estudará, con carácter residual, todos aqueles asuntos non atribuídos expresamente a outra comisión informativa permanente.

SEGUNDO.- Cada comisión estará integrada por doce membros, dos cales cinco pertencerán ao Grupo Popular, catro ao Grupo Socialista, dous do Grupo Bloque Nacionalista Galego e un ao Grupo Alternativa dos Veciños. O/A Presidente/a de cada comisión será designado/a por resolución do Presidente da Deputación, dando conta ao Pleno.

TERCEIRO.- Estas Comisións xuntaranse con periodicidade mensual nos días e horas nos que as propias Comisións determinen.

CUARTO.- A constitución, funcións, carácter e réxime de sesións da Xunta de Portavoces rexirase polo previsto no artigo 28 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 130, do 10 de xullo de 2018).

9.- Proposta sobre as delegacións de competencias do Pleno na Xunta de Goberno.

Sométese a votación a proposta do Presidente

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Visto que o artigo 48 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 71 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), prevé que o Pleno poida delegar, en todo ou en parte, calquera das



súas atribucións no Presidente e na Xunta de Goberno, agás as sinaladas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local (TRRL); vistos asemade os artigos 33.4 LBRL, 28.2 TRRL, 107.2 e 314.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGa),

O Pleno da Deputación Provincial , por unanimidade, acorda delegar na Xunta de Goberno as seguintes atribucións:

- A autorización ou denegación de compatibilidade do persoal ao servizo da entidade local para un segundo posto ou actividade no sector público, así como a resolución motivada que recoñeza a compatibilidade ou declare a incompatibilidade do citado persoal para o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra da entidade local, ao que se refiren os artigos 9 e 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas (ROF, art. 70.9).

A delegación das atribucións sinaladas inclúe, en cada caso, a facultade de resolver os recursos de reposición que puideran interpoñerse, rexerese especificamente polos artigos 86 a 90 RODC e surtirá efecto desde o día seguinte a aquel en que se aprobe, sen prexuízo da publicación no BOP para xeral coñecemento.

En calquera caso, queda excluída a delegación daqueles asuntos cuxa aprobación requira maioría absoluta ou calquera outra maioría cualificada. As competencias delegadas na Xunta de Goberno estarán suxeitas ao control e fiscalización do Pleno, tanto a través dos meca-nismos ordinarios previstos na normativa local como dos extraordinarios, singularmente dos previstos no artigo 80 RODC, concordante co artigo 106 ROF.

10.- Proposta sobre o nomeamento de representantes da Deputación en organismos varios.

Sométese a votación a proposta do Presidente

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Visto que o artigo 35 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada, sen prexuízo da atribución xeral de representar á Deputación, conferida ao Presidente pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL, art. 34.1.b)



O Pleno, por unanimidade, acorda::

Nomear representantes da Corporación aos deputados/as que se indican nos organismos que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	REPRESENTANTE/S
AFIGAL	Dna. MARÍA DEL MAR GARCÍA VIDAL
BIBLIOTECA DO REAL CONSULADO	Dna. NATIVIDAD DE JESÚS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E AS DEPUTACIÓNS PROVINCIAS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DOS GRUPOS DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAIS	D. JOSÉ RAMÓN RIOBOO CASTRO
COMISIÓN GALEGA DE COOPERACIÓN LOCAL	D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO
COMISIÓN GALEGA DE PROTECCIÓN CIVIL	Dna. CRISTINA CAPELÁN CANCELO
COMISIÓN INSTITUCIONAL NO MARCO DO PROTOCOLO DE COLABORACIÓN DE DESENVOLVEMENTO DO PACTO LOCAL PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A XUNTA DE GALICIA	Dna. MARÍA DEL MAR GARCÍA VIDAL
COMISIÓN PROVINCIAL DE COLABORACIÓN DO ESTADO COAS CORPORACIÓN LOCAIS	D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO
COMISIÓN PROVINCIAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO DA CORUÑA	Dna. MARIA SOLEDAD AGRA TUÑAS
XUNTA CONSULTIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO
CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE PORTOS DE GALICIA	D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO
CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE XESTUR, S.A.	D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO
COMISIÓN MUNICIPAL DO DEPORTE DA CORUÑA	D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO



CONSELLO REITOR DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA	D. XOSÉ REGUEIRA VARELA
CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD E INMOBILIARIA DA CORUÑA CAPITAL E PROVINCIA	D. JOSÉ MANUEL LAGE TUÑAS
CONSORCIO DO DEPÓSITO FRANCO DO PORTO DA CORUÑA	D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO D. JOSÉ MANUEL LAGE TUÑAS D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO
CONSORCIO PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO	D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO D. XOSÉ PENAS CORRAL D. JOSÉ RAMÓN RIOBOO CASTRO
CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (Comité Provincial)	Dna. ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS	D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO
FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS	D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO
FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE	Dna. MARIA DEL MAR GARCÍA VIDAL
FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA	D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO
FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS DA CORUÑA (Padroado)	Dª CRISTINA CAPELÁN CANCELO
FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL	Dna. NATIVIDAD DE JESUS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
FUNDACIÓN EXPONAV	D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO
FUNDACIÓN GALICIA – EUROPA	D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO
FUNDACIÓN GONZALO LÓPEZ ABENTE	Dna. NATIVIDAD DE JESUS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER	Dna. NATIVIDAD DE JESUS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
FUNDACIÓN PRIVADA DEMOCRACIA Y GOBIERNO LOCAL	D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO
FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO	Dna. NATIVIDAD DE JESUS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
FUNDACIÓN TERRA DE TRASANCOS	Dna. ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ
FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA – FUAC	D. JOSÉ MANUEL LAGE TUÑAS
INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO)	D. JOSÉ MANUEL LAGE TUÑAS D. JOSÉ RAMÓN RIOBOO CASTRO
MESA POLA MOBILIDADE SUSTENTABLE DA CORUÑA	Dna. MARIA DEL MAR GARCÍA VIDAL
MESA PROVINCIAL DE COMERCIO LOCAL	D. XOSE REGUEIRA VARELA



MUSEO ARQUEOLÓXICO DO CASTELO DE SAN ANTÓN	Dna. NATIVIDAD DE JESUS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
MUSEO DO POBO GALEGO	Dna. NATIVIDAD DE JESUS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
PARQUE NATURAL COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN	Dna. MARIA SOLEDAD AGRA TUÑAS
PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME	Dna. MARIA DEL MAR GARCÍA VIDAL
PARQUE NATURAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS	D. XOSÉ REGUEIRA VARELA
RED ESPAÑOLA DE TURISMO INDUSTRIAL (RETI)	D. XOSÉ REGUEIRA VARELA
REDE DE ENTIDADES LOCAIS PARA O DESENVOLVEMENTO LOCAL (REDES)	Dna. MARIA DEL MAR GARCIA VIDAL
RESERVA DA BIOSFERA "MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO	D ^a CRISTINA CAPELÁN CANCELO D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO D. XOSÉ REGUEIRA VARELA D. JOSÉ RAMÓN RIOBOO CASTRO
SECCIÓN DE EELL CON AGUAS MINERALES Y TERMALES DE LA FEMP	D. XOSÉ REGUEIRA VARELA

Os deputados/as nomeados/as polo presente acordo informarán sobre o funcionamento dos organismos nos que participan en representación da deputación, así como sobre a súa propia actividade no seo dos mesmos, sempre que sexan requiridos/as polo Pleno, polo Presidente ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico.

11.- Proposta sobre o réxime de retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación provincial.

Sométese a votación a proposta do Presidente

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Visto o disposto no artigo 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL), no artigo 225 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de



administración local de Galicia (LALGA), nos artigos 12 e 13 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), no artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), no artigo 179 da Lei orgánica 5/1988, de Réxime electoral xeral, na Disposición adicional vixésimo sétima da Lei de orzamentos xerais do estado para o exercicio 2023, Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas e na Base 51ª das de execución do orzamento provincial para o exercicio 2023.

O Pleno, por unanimidade, acorda aprobar o seguinte réxime de retribucións e indemnizacións dos membros da corporación provincial::

A) Retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación exclusiva total ou parcial:

Presidente (1) PSG-PSOE: As súas retribucións anuais serán de 80.000,00 euros.

Vicepresidente (1) BNG: As súas retribucións anuais serán de 72.369,75 euros.

Deputados/as do Grupo PSG-PSOE (7): As súas retribucións anuais serán de 69.441,14 euros.

- Deputado/a Voceiro do Grupo.
- Deputado/a responsable da área de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital.
- Deputado/a responsable da área de Política Social, Educación e Mocidade.
- Deputado/a responsable da área dos Sectores produtivos: Mar e Medio Rural.
- Deputado/a responsable da área de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais.
- Deputado/a responsable da área de Industria, Empresa, Medio Ambiente, Emprego e Política Demográfica.
- Deputado/a responsable da área de Deporte.

Deputados/as do Grupo BNG (4): As súas retribucións anuais serán de 69.441,14 euros.

- Deputado/a responsable da área de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios.
- Deputado/a responsable da área de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís.
- Deputado/a con delegación especial en materia de Igualdade, Lingua e Dereitos Civís.
- Deputado/a responsable da área de Contratación, Patrimonio e Equipamentos.

Deputados/as do Grupo PP (3): As súas retribucións anuais serán de 69.441,14 euros:

- ✓ Deputado/a Voceiro do Grupo (1).



- ✓ Deputados/as coas seguintes funcións (2):
- Coordinar, informar aos deputados, alcaldes e concelleiros de asuntos relacionados coa Deputación Provincial: servizos, actuacións, subvencións, orzamentos, servizos supramunicipais, prazos, estratexias, etc.
 - Presentar informes sobre documentos e aspectos requiridos por outros deputados sobre temas relativos a asuntos da Deputación Provincial. Bases de datos e estatísticas.
 - Asesorar e acompañar aos deputados en reunión con diferentes sectores sociais, concellos, etc.
 - Brindar apoio aos deputados nas reunións previas ás mesas de contratación, comisións informativas e sesións plenarias.
 - Estudar e analizar alternativas ás presentadas polo goberno provincial.
 - Estudar e analizar os asuntos das comisións e plenos que procuren a correcta toma de decisión sobre os diferentes acordos.
 - Petición de documentación e consultas nos distintos departamentos da Deputación Provincial.
 - Atender consultas dos cidadáns que nos fan chegar a través do Grupo Popular e calquera outra vía.
 - Apoio xeral ao resto de Deputados en fiscalización ao goberno e coordinación do persoal eventual así como do Grupo Provincial Popular.

Deputados/as do Grupo AV (1): As súas retribucións anuais serán de 69.441,14 euros.

- Deputado/a Voceiro do Grupo.

As cantidades asignadas aos membros da Corporación con dedicación exclusiva percibiranse mensualmente na parte que corresponda.

Polo tanto, para o ano 2023 os importes totais en cómputo anual das retribucións indicadas son os seguintes:

Nº	POSTO	RETRIB. ANUAIS POR POSTO	TOTAIS ANUAIS ESTIMADOS
1	PRESIDENTE (PSG-PSOE)	80.000,00	80.000,00
1	VICEPRESIDENTE (BNG)	72.369,75	72.369,75
7	DEPUTADOS/AS DO GRUPO PSG-PSOE	69.441,14	486.087,98
4	DEPUTADOS/AS DO GRUPO BNG	69.441,14	277.764,56
3	DEPUTADOS/AS DO GRUPO PP	69.441,14	208.323,42
1	DEPUTADOS/AS DO GRUPO AV	69.441,14	69.441,14
17	TOTAL		1.193.986,85



Estas cantidades revisaranse anualmente a partir do 01/01/2024 e actualizaranse na mesma porcentaxe na que aumenten ou diminúan de forma xeral as retribucións dos funcionarios.

B) Indemnizacións por preparación de asuntos e asistencia a sesións dos órganos colexiados da Deputación provincial:

Pola preparación de asuntos e concorrencia efectiva ás sesións de órganos de goberno da Deputación provincial, os membros da Corporación que non estean acollidos ao réxime de dedicación exclusiva, percibirán en concepto de asistencias os seguintes importes:

Sesións plenarias	591,00 €
Sesións da Xunta de Goberno	370,00 €
Reunións das Comisións Informativas	370,00 €

Cando coincidan no mesmo día máis dunha sesión dos órganos colexiados descritos, terán dereito a percibir unha soa asistencia, polo que se tomará en consideración para tal fin, cando así proceda, a de maior importe das realizadas.

A asistencia ás sesións formalmente convocadas dos órganos colexiados antes citados dará lugar á percepción dos gastos de locomoción desde a localidade de residencia dos deputados que non estean incluídos no réxime de dedicación exclusiva. Para tal efecto os deputados provinciais presentarán a relación das asistencias, e os gastos de locomoción soportados para a concorrencia efectiva as sesións formalmente convocadas, no modelo que lles será proporcionado polo Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos. A relación citada, xunto cos xustificantes oportunos de gasto e pago, formularase no prazo máximo de dous meses seguintes á súa devindicación, para a súa tramitación e pago.

Ningún deputado poderá percibir máis de CATRO asistencias ao mes por sesións das Comisións Informativas, agás as do mes de setembro e aquelas outras que correspondan a sesións ordinarias non celebradas no mes anterior. Así mesmo, ningún deputado poderá percibir máis de dúas asistencias ao mes por sesións da Xunta de Goberno, agás as do mes de setembro, e aquelas outras que correspondan a sesións ordinarias non celebradas no mes anterior.

C) Asistencias a sesións formalmente convocadas da Xunta de Portavoces, da mesa de contratación, das comisións de traballo ou tribunais de valoración dependentes desta Corporación.

Todos os membros da Corporación que se designen formalmente para formar parte de comisións de traballo, mesas de contratación ou tribunais de valoración de subvencións ou premios convocados por órganos dependentes desta Corporación, percibirán pola asistencia ás sesións formalmente convocadas que se celebren, as cantidades dispostas no anexo 4º, categoría primeira do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, e disposicións



de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan, cando así se determine expresamente no acordo ou resolución de nomeamento.

A asistencia ás sesións formalmente convocadas dos órganos colexiados antes citados dará lugar á percepción dos gastos de locomoción desde a localidade de residencia dos deputados que non estean incluídos no réxime de dedicación exclusiva, que só percibirán os gastos de locomoción cando as sesións se desenvolvan fóra da xornada laboral.

D) Indemnizacións por gastos ocasionados por comisións de servizos encomendadas a cargos electos.

En materia de indemnización por comisións de servizos rexerá o Real decreto 462/2002, do 24 de maio, e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan coas particularidades seguintes:

- a) Por aloxamento e gastos de viaxe en medios de transporte público, aboarase o importe do realmente gastado e xustificado documentalmente.
- b) Por manutención aboarase tamén o importe dos gastos efectivamente realizados sempre que o xustifiquen adecuadamente mediante facturas expedidas para o efecto, dentro dos límites de aplicación aos funcionarios do grupo A1.
- c) Cando a comisión de servizos de cargos electos inclúa tamén a funcionarios de carreira, persoal laboral ou eventuais, aplicaráselles a todos eles o réxime de indemnizacións establecido neste apartado para os cargos electos.

E) As retribucións a que se refire o apartado A) terán plena eficacia e aplicaranse nos seguintes termos:

1. O presidente percibirá as retribucións asignadas dende o día da súa elección e toma de posesión, é dicir, desde o día 18 de xullo de 2023.
2. O vicepresidente e os deputados/as do Grupo de Goberno percibirán as retribucións previstas cando se dean as condicións seguintes:
 - a) O seu nomeamento formal por resolución da presidencia, na que se especifiquen as funcións, tarefas ou cometidos que xustifican a retribución correspondente.
 - b) Acrediten os nomeados que reúnen as condicións para o desempeño en réxime de dedicación exclusiva.
 - c) Acepten expresamente o cargo mediante o acto de toma de posesión, o que suporá o inicio das actividades encomendadas pola presidencia nas que se fundamentan as retribucións correspondentes.
3. Os deputados/as de cada grupo político con dedicación exclusiva serán nomeados pola presidencia a proposta dos grupos políticos correspondentes e as súas retribucións pagaránse desde que se dean as condicións seguintes:



- a) O seu nomeamento formal, coa indicación do cargo, funcións e tarefas que motivan a atribución do réxime de dedicación.
 - b) Acrediten os nomeados que reúnen as condicións para o desempeño en réxime de dedicación exclusiva.
 - c) Acepten expresamente o cargo mediante o acto de toma de posesión, o que suporá o inicio das actividades encomendadas pola presidencia nas que se fundamentan as retribucións correspondentes.
4. Co fin de poder cumprir os límites establecidos no artigo 75bis da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 28.3, 32 e 33 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo e na Disposición adicional vixésimo sétima da Lei 31/2022, de 23 de decembro de orzamentos xerais do estado para o ano 2023, teranse en conta os seguintes criterios de actuación:
- a) Os deputados provinciais que desenvolvan os seus cometidos con dedicación exclusiva na Deputación provincial deberán achegar, antes do 1 de marzo de cada exercicio, ou no mes seguinte á data efectiva da finalización da súa dedicación exclusiva na Deputación, a declaración de todos os importes percibidos pola concorrencia a reunións dos órganos colexiados da administración e dos organismos públicos e de Consellos de administración de empresas con capital ou control público.
 - b) O Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos da deputación comunicaralles aos respectivos concellos o importe das asistencias percibidas polos deputados sen dedicación exclusiva na deputación, antes do 1 de marzo do exercicio seguinte a súa percepción, excepto no ano de finalización do mandato, que o farán no mes seguinte á súa data efectiva.
 - c) Anualmente, no primeiro trimestre do exercicio, ou no mes inmediato posterior á finalización do mandato corporativo ou do cesamento da dedicación exclusiva na deputación, o Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos realizará as adecuacións oportunas para garantir o cumprimento dos límites legais establecidos nas normas de aplicación.

F) Publicar o presente acordo na forma establecida no apartado 5 do artigo 75 da Lei reguladora das bases de réxime local e no portal de transparencia da Deputación, de conformidade co establecido no artigo 8.1.f. da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información e bo goberno e por analoxía ao disposto no artigo 17 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

G) A presidencia da Corporación informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto no presente acordo.



12.- Proposta sobre a determinación do número, características e retribucións do persoal eventual.

Sométese a votación a proposta do Presidente

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

En relación ao asunto de referencia, despois de consultados os Grupos Políticos provinciais e de conformidade co disposto nos artigos 33, 89, 104 e 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), no artigo 176 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, no artigo 250 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA), no artigo 12 do Texto refundido do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, nos artigos 20.2.d), 29 a 31 e 201 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia e na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. O número, características e retribucións do persoal eventual da Deputación Provincial da Coruña, en réxime de dedicación exclusiva, será o seguinte:

Nº	CARACTERÍSTICAS	EQUIPARADO A:		RETRIB. ESTIMADAS ANUAIS POSTO	TOTALS ANUAIS ESTIMADOS
		GRUPO	NIVEL E.D.		
1	Asesor/a	A1	28	71.010,06	71.010,06
11	Asesor/a	A1	25	62.776,94	690.546,34
5	Asesor/a	A2	22	47.905,96	239.529,80
8	Asesor/a	C1	20	38.449,12	307.592,96
2	Asesor/a	C2	17	34.347,78	68.695,56
27	TOTALS				1.377.34,72

O persoal eventual non percibirá ningún importe en concepto de complemento de produtividade.



As persoas designadas percibirán as retribucións asignadas cando se dean as condicións seguintes:

- O seu nomeamento formal por resolución da presidencia na que se especifiquen as funcións, tarefas e cometidos que xustifican o seu nomeamento e a retribución correspondente.
- Acrediten os nomeados que reúnen as condicións de capacidade e compatibilidade para o desempeño.
- Acepten expresamente o cargo mediante o acto da toma de posesión, o que suporá o inicio das actividades encomendadas polo presidente nas que se fundamentan as retribucións correspondentes.

Na resolución ou resolucións de nomeamento indicárase de forma xeral o contido das funcións, tarefas ou cometidos encomendados co contido que permita a súa posterior inclusión na relación de postos de traballo da Corporación (RPT)

2. As retribucións expresadas actualizaranse anualmente nos mesmos termos que se determinen para os postos de traballo de persoal funcionario, consonte coas previsións xenéricas que se establezan nos Orzamentos xerais do Estado.

3. En todo caso o nomeamento do persoal eventual realizarase tomando como límite as dispoñibilidades orzamentarias efectivas existentes nas aplicacións orzamentarias correspondentes.

4. Publicar o presente acordo na forma establecida no apartado 5 do artigo 104 bis da Lei reguladora das bases de réxime local e no portal de transparencia da Deputación, de conformidade co establecido no artigo 8.1.f. da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información e bo goberno e por analogía ao disposto no artigo 17 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega.

5. Os nomeamentos dos funcionarios eventuais, as súas retribucións e o seu réxime de dedicación será obxecto da publicidade indicada no parágrafo anterior.

6. A presidencia da Corporación informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto no presente acordo.

13.- Proposta de asignación aos grupos políticos provinciais.

Sométese a votación a proposta do Presidente

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)



Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón literalmente:

“O Pleno da Corporación, con cargo aos seus orzamentos anuais, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas Leis de orzamentos xerais do Estado e sen que poidan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial(...)

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación á que se refire o parágrafo segundo deste apartado 3, que porá ao dispor do Pleno da Corporación, sempre que este llo pida”.

Na base 58 de execución do orzamento provincial do presente exercicio, régúlase exhaustivamente o réxime de asignacións aos grupos políticos provinciais cos importes máximos seguintes:

Fixo: Dous mil euros ao mes a cada grupo

Variable: Cincocentos euros por deputado ao mes

Coa finalidade de asegurar unha maior participación social na actividade representativa da Deputación e harmonizar a actividade dos grupos políticos provinciais coas esixencias da transparencia na actuación pública e de rigor na xustificación do destino dos fondos públicos,

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Manter a asignación aos grupos políticos provinciais cos seguintes importes máximos:

Fixo: Dous mil euros ao mes a cada grupo

Variable: Cincocentos euros por deputado ao mes

2. O réxime xurídico, económico e de xestión do financiamento dos grupos políticos provinciais será o determinado nas Bases de execución do orzamento provincial que, en todo caso, recollerá o seguinte contido mínimo:



- a. Cada grupo político terá que solicitar na Axencia tributaria do estado o número de identificación fiscal coa denominación de “Grupo provincial...”
- b. Abrir unha conta bancaria co nome do grupo e baixo o devandito número de identificación fiscal.
- c. Nomear a un membro do grupo coma autorizado para dispoñer dos fondos da conta bancaria e responsable da contabilidade do grupo, de facer as retencións tributarias que procedan e dar conta da xestión económica para o efecto de xustificar o destino dos fondos acadados. Admitiranse uns rexistros contables por “partida simple” e a aplicación do principio de caixa.
- d. O responsable contable do grupo terá que conservar a documentación xustificativa dos gastos, pagos e ingresos do grupo polo tempo que se fixe e por a disposición dos órganos de control interno e externo que o precisen no exercicio das súas funcións legais esa documentación, así coma os seus rexistros contables e bancarios.
- e. Esta asignación non será compatible co financiamento público ou privado para a mesma finalidade, nin se aplicara ao financiamento dos partidos políticos presentes na Corporación provincial.
- f. O pagamento será trimestral e terá a natureza de pago a xustificar. Os pagos periódicos esixirán a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro dos primeiros dez días do mes de decembro de cada exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data.
- g. Os pagamentos terán que facerse utilizando uns medios (transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, talón bancario ou cheque nominativo) que aseguren o seu rexistro na conta bancaria do grupo e a identificación do seu destinatario. Só, excepcionalmente, se admitirá o pago en efectivo para importes inferiores a cincocentos euros e sempre deixando constancia documental da efectividade do pago ao terceiro debidamente identificado e aportando a factura ou documento equivalente co contido establecido con carácter xeral na normativa reguladora do Imposto sobre o valor engadido (IVE).
- h. Cada xustificación periódica será informada pola Intervención provincial e aprobada mediante resolución da presidencia.
- i. A documentación xustificativa dos pagos aos grupos e a súa tramitación publicarase no Portal da transparencia da Deputación co contido permitido pola lexislación vixente.



- j. Informarase ao Pleno dos importes satisfeitos e os xustificados durante o exercicio económico, con ocasión da presentación da liquidación anual dos orzamentos.

3. Coa composición política actual da corporación provincial resultan as asignacións que se indican:

Grupo Político	Nº	Contía variable	Contía fixa	Total mes	Total trimestre	Total semestre	Total ano
PP	14	7.000,00	2.000,00	9.000,00	27.000,00	54.000,00	108.000,00
PSOE	10	5.000,00	2.000,00	7.000,00	21.000,00	42.000,00	84.000,00
BNG	6	3.000,00	2.000,00	5.000,00	15.000,00	30.000,00	60.000,00
Alternativa dos Veciños	1	500,00	2.000,00	2.500,00	7.500,00	15.000,00	30.000,00
Totais	31	15.500,00	8.000,00	23.500,00	70.500,00	141.000,00	282.000,00

4. Os novos importes do financiamento dos Grupos Políticos Provinciais serán efectivos a partir do 1 de agosto do 2023.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 12:10 horas.